


# **28 ABRIL DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO A LEI DE MUTUAS... GARANTÍA DE PRIVATIZACIÓN DA SAÚDE LABORAL**



**O Goberno e a patronal garanten a destrución da Saúde dos traballadores**

**A prevención, os recoñecementos médicos e a asistencia, agora en mans dos Fondos Voitres**

**Recorta novamente os dereitos laborais**

**Remata co dereito dos traballadores á confidencialidade do seu historial clínico**

**Privatízase a xestión das prestacións por enfermidade**

## **A Lei de Mutuas Patronais, esa arma de destrución masiva da saúde laboral, é un feito dende o 1 de xaneiro de 2015"**

O Goberno do PP, inimigo número un dos dereitos dos traballadores e das traballadoras, volve mostrar o máis absoluto desprezo a un dos dereitos esenciais da vida: a saúde, neste caso a saúde laboral. Con esta lei, a saúde convértese nun artigo de luxo e, por conseguinte, privativo das clases altas e poderosas (empresarios, políticos, executivos, directivos).

A Lei constitúese sobre tres principios, absolutamente opostos ao propósito de garantir sempre a saúde e estes son:

**Primeiro:** Conciben aos traballadores enfermos, polo feito de traballar, como auténticos delinquentes, sempre sospeitosos de cometer fraude, intentando escamotearse da súa obriga de traballar.

Polo tanto, e baseado nesta concepción, a Mutuas Patronais convértese en xestoras de todas as baixas, non só por accidentes de traballo ou enfermidades profesionais senón tamén por incapacidades temporais por continxencias comúns. A súa misión vixiar e castigar.

**Segundo:** O sistema público de saúde, no que os profesionais da medicina acceden ao traballo por concurso público valorando os seus méritos e a súa capacidade, vese cuestionado profesionalmente, deixando en mans do mercado privado a capacidade para determinar se un traballador se encontra enferma ou non, e así os criterios do mercado (rendibilidade, produtividade) primarán sobre a realidade da saúde.

Todas as Empresas veñen obrigadas a contratar os servizos dunha Mutua, debendo ingresar unha porcentaxe do salario de cada persoa traballadora á Tesouraría da Seguridade Social. Polo tanto, se ben as achegas as realiza a Empresa, non esquezamos que son rendas do traballo dos asalariados. Cando nos "accidentan", cando nos "causan unha enfermidade profesional", os patróns e a Mutua teñen a obriga de correr cos gastos do noso restablecemento e, en consecuencia, canto máis acurten o período de recuperación, canto máis diminúan o tempo da baixa, cantos menos recursos teñan que utilizar (probas, consultas, terapias, etc.), cantas menos mortes por enfermidades profesionais existan, máis beneficio para a Mutua. Que ten que ver isto coa garantía da saúde? Nada, absolutamente nada.

**Terceiro:** A saúde laboral privatízase e déixase en mans dos xigantes de capital risco (fondos voitres), os cales copan o mercado das sociedades de prevención. Xigantes sanitarios como IDC Saúde, anteriormente chamado Capiro, está controlado polo fondo de capital risco CVC, chegando a copar máis do 30% de todo o "mercado da prevención", cunha facturación próxima aos 300 millóns de euros, máis de 154.000 empresas clientas e controlando e vixiando a "saúde" de 4,5 millóns de traballadoras e traballadores.

**A CGT oponse e opoñerá na rúa e en toda a rede sanitaria e a esta "lei de mutuas de destrución masiva da saúde dos traballadores e traballadoras" e loita e loitará por un SISTEMA DE SAÚDE PÚBLICO, UNIVERSAL E SUFICIENTE.**



**CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO**

[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)

[www.rojoynegro.info](http://www.rojoynegro.info)